Exercicios de autoavaliación

Unidade 6: Sintaxe da lingua galega (1): unidades e funcións sintácticas da frase. As funcións da cláusula

1. Nos seguintes exemplos, sinala os elementos que actúen como determinantes e os que actúen como pronomes:

- O carro ía por un camiño de terra. Este carro embarrancou
- A miña tía levaba sempre aquela bata branca que lle regalara eu.
- Algunhas veces sentía moita carraxe coas cousas que lle dicías. Estas non eran boas.
- Certas persoas comen demasiada graxa.
- Non se o voso gusto, pero eu quero esta.
- Alguén chamou cando non estabamos na casa.

2. a) Substitúe os complementos directos polo seu correspondente pronome

- Quero ese disco para o meu aniversario.
- Ti recibiches unha chamada.
- Colleu o libro e marchou.
- Eles comeron os pasteis.
- Ti trouxeches os paquetes.
- Fernanda escribiu unha novela.
- Bebe o leite.

2 b) As cláusulas seguintes levan todas verbo transitivo pero carecen do complemento que complete o seu significado. Complétaas co correspondente CD.

- Mañá faremos _____ ao campo.
- O sábado pasado comprei _____ para ir á praia este verán.
- Despois de beber _____ non se atopaba en condicións para conducir e decidiu coller un taxi.
- Busquei _____ entre a roupa vella para me vestir de choqueira polo Entroido.
- Nesta avaliación lin _____ para a materia de lingua.
- Os cans atoparon _____ despois de buscalo toda a noite.

2 c) Nas frases seguintes substitúe os pronomes que fan a función de CI por unha frase preposicional introducida polas preposicións *a* ou *para*.

- Tróuxen**che** un regalo.
- Escribirémos**lle** unha carta.
- Mercarémos**che** unhas boas botas.
- Díxen**lle** que viñese cedo.
- Por favor, recollédeme as entradas do cine.

- David tróuxo**nos** un cadelo.
- O científico deu**lles** unha conferencia.
- Non **lles** mercamos nada.

3. a) Completa con **te** ou **che** as frases seguintes:

- Vin_____ onte no concerto de rock.
- Xa me contaron que _____ deron unha boa noticia.
- Non _____ dixen nada por non molestar_____ .
- Chamaron_____ por teléfono e dixéronme que _____ dese o recado.
- Cortei_____ un pouco a perna do pantalón porque _____ quedaba moi longa.

3 b) Substitúe coas contraccións pronominais correspondentes os segmentos subliñados nas frases seguintes.

- Meu pai comproulle <u>a Xerardo</u> <u>unha moto</u>.
- As rapazas dixeron <u>aos seus pais</u> <u>o acontecido</u>.
- Compra <u>aos teus irmáns</u> <u>dous lapis</u>.
- Intúo <u>que non me queres convidar</u>.
- Puxeron <u>ao teu veciño</u> <u>unha multa</u>.
- Quero <u>a ti</u> <u>os cartos</u> porque tes abondo.
- Trouxo <u>un agasallo</u> <u>para nós</u>.
- Quixo <u>que o levase</u>.
- Pola túa carta sabemos <u>que estás moi contenta aí</u>.
- Mañá lembrareilles <u>a Xoán e a María</u> <u>que lles toca fregar os pratos</u>.

3 c) Volve escribir as frases seguintes colocando o pronome correspondente conforme se indica nas parénteses.

- Sae da casa en canto chamen. (a ti)
- Nunca puxeron unha multa. (a min)
- Non comerei agora. (o biscoito)
- Onde atopaches? (a ela)
- Ninguén dixo a verdade. (a ti)
- Xa contara. (a min, o ocorrido)

4 a) Analiza as seguintes frases nominais:

- Aquela casa vella.
- Certos comentarios da xente.
- Unha folla en branco.
- Catro mazás pequenas.

4 b) Propón frases nominais que respondan aos seguintes esquemas:

Det. + Núcleo + Mod. =
Det. + Núcleo + Mod. =
Det. + Det. + Núcleo + Mod. =
Det. + Det. + Núcleo =

5 a) Substitúe os adxectivos destacados en groso por unha frase preposicional:

- Ese neno **descalzo** vai coller frío.
- Merquei unha tea **floreada** para facer as cortinas.
- O cuarto estaba **escuro**.
- Visitamos unha granxa **avícola**.

5 b) Analiza as frases nominais con función de suxeito das seguintes oracións:
- A casa da miña madriña é moi vella.
- Unha muller nova con sombreiro estaba sentada na barra do bar.
- A ponte sobre a vía do tren foi derrubada polas chuvias.

6. a) Detecta o SUX e o PRED nos seguintes exemplos deixando a un lado os restantes complementos. Sinala entre parénteses o elemento nuclear do SUX. Podes seguir o esquema que se presenta no cadro.

- A maioría da poboación coñece o galego.
- Os primeiros berros viñan da banda do camiño.
- Os rapaces da vila non esquecen o San Xoán.
- Moita xente marchou naqueles anos.
- Miguel falou de moitas cousas.
- Chegaron de Madrid os meus curmáns.
- A casa de pedra tiña a porta pechada.
- Recibimos un aviso de Correos.
- Mariña saíu cedo da súa casa.
- Toda aquela xente miraba un punto no horizonte.
- Aquela noite o enfermo experimentou certa melloría.

Suxeito	Predicado	Complementos

6 b) Sinala a función que cumpren os complementos que reservaches no exercicio anterior

7. Nos seguintes exemplos non aparece o suxeito. Clasifícaas segundo sexa omitido, unipersoal, gramaticalizada ou impersoal activa:

- Recollede todas estas ferramentas.
- Estes días refresca polas tardes.
- Escribiremos unha carta ó director do xornal.
- Recóllese roupa vella.
- Revélanse fotos en media hora.
- En febreiro xea polas noites.
- Habería que tomar unha decisión.
- Vou facer o xantar.

8. Substitúe as frases preposicionais, que fan de atributo, por un adxectivo que teña significado semellante.

- Xulia é de Pontevedra:
- O neno estaba sen peitear:
- Este can é de caza:
- Aquela muller era de Ferrol:
- A cantante estaba sen voz:
- O home estaba sen roupa:
- A mañá era de inverno:
- Este artigo parece de interese:
- A nena estaba con febre:
- A caixa era de metal:

9 a) Nas oracións seguintes localiza e subliña os Complementos Circunstanciais e indica de que clase son:

- Este coche consome demasiado.
- No paseo marítimo instalaron farois novos.
- Todas as tardes imos dar un paseo pola carballeira da vila.
- Fai o traballo ordenadamente.
- Beber moita auga é bo para a saúde.
- Moitas tardes os dous amigos tomaban o sol placidamente nos bancos do parque.

9 b) Completa o significado das frases seguintes engadindo os Complementos Circunstanciais da clase que se che indica:

Helena traballa (CC de tempo)
.....
Helena traballa (CC de lugar)
.....
Helena traballa (CC de cantidade)
.....
Helena traballa (CC de modo)
.....
Helena traballa (CC de finalidade)
.....

10. Nos seguintes exemplos, indica o tipo de frases (substantivas, adxectivas, adverbiais, preposicionais ou nominais) de que se tratan e se estas son simples ou compostas.

Moto acuática:
Núcleo histórico moi frecuentemente frecuentado:
Moi honradamente:
O camión do lixo do concello máis próximo:
Impresionantemente admirable:
De paseo pola beira do río:
Clase de matemáticas:
Produtos de cerámica da máis alta calidade:

11. Indica a función que desenvolven os principais elementos que compoñen cada unha das cláusulas seguintes.

Estes libros son de lingua e literatura:
O noso amigo non coñece a nosa casa:
Estes vehículos teñen un baixo nivel de contaminación atmosférica:
Os directivos da empresa celebraron unha festa de despedida para os empregados que se xubilaban:
Os directivos da empresa celebraron unha festa para os mellores empregados:
Chegarán os nosos curmáns de Valencia:
Sairemos de viaxe o próximo martes:
Non sabe máis que falar de política:
Os escaladores chegaron esgotados ao cumio:
Sabe que gañará a competición:
Que o vexas mollado é unha consecuencia das filtracións:
Non o atopou onde quedara:

12. Propón 5 exemplos de verbos que esixan un suplemento para completar a súa significación.

Solucións:

1. Nos seguintes exemplos, sinala os elementos que actúen como determinantes e os que actúen como pronomes:

- O (det.) carro ía por un (det.) camiño de terra. Este (det.) carro embarrancou
- A (det.) miña (det.) tía levaba sempre aquela (det.) bata branca que (pron.) lle (pron.) regalara eu (pron.).
- Algunhas (det.) veces sentía moita carraxe coas (det.) cousas que (pron.) lle (pron.) dicías. Estas (pron.) non eran boas.
- Certas (det.) persoas comen demasiada graxa.
- Non sei se gustades, pero eu (pron.) quero esta (pron.).
- Alguén (pron.) chamou cando nós (pron.) non estabamos na (det.) casa.

2. a) Substitúe os complementos directos polo seu correspondente pronome

- Quéro**o** para o meu aniversario.
- Ti recibiches unha chamada. Ti **recibíchela**.
- Colleu o libro e marchou. **Colleuno** e marchou.
- Eles comeron os pasteis. Eles **coméronos**.
- Ti trouxeches os paquetes. Ti **trouxéchelos**.
- Fernanda escribiu unha novela. Fernanda **escribiuna**.
- Bebe o leite. **Bébeo**.

2 b) As frases seguintes levan todas verbo transitivo pero carecen do complemento que complete o seu significado. Complétaas co correspondente CD.

- Mañá faremos **unha excursión** ao campo.
- O sábado pasado comprei **un traxe de baño** para ir á praia este verán.
- Despois de beber **varios whiskys** non se atopaba en condicións para conducir e decidiu coller un taxi.
- Busquei **o sombreiro de trasno** entre a roupa vella para me vestir de choqueira polo Entroido.
- Nesta avaliación lin **catro novelas** para a materia de lingua.
- Os cans atoparon **o alixo de droga** despois de buscalo toda a noite.

2 c) Nas frases seguintes substitúe os pronomes que fan a función de CI por unha frase preposicional introducida polas preposicións *a* ou *para*.

- Trouxen un regalo **para ti**.
- Escribiremos unha carta **ao director**.
- Mercaremos unhas boas botas **para ti**.
- Dixen **a Uxía** que viñese cedo.
- Por favor, recollede as entradas do cine **para min**.
- David trouxo un cadelo **para nós**.
- O científico deu unha conferencia **para eles**.
- Non mercamos nada **para eles**.

3. a) Completa con **te** ou **che** as frases seguintes:

- Vin**te** onte no concerto de rock.
- Xa me contaron que **che** deron unha boa noticia.

- Non **che** dixen nada por non molestar**te**.
- Chamáron**te** por teléfono e dixéronme que **che** dese o recado.
- Cortei**che** un pouco a perna do pantalón porque **che** quedaba moi longa.

3 b) Substitúe coas contraccións pronominais correspondentes os segmentos subliñados nas frases seguintes.

- Meu pai comprou**lla**.
- As rapazas dixeron ós seus pais o acontecido. As rapazas dixéron**llelo**.
- Compra ós teus irmáns dous lapis. Cómpra**llelos**.
- Intúo**o**.
- Puxeron ó teu veciño unha multa. Puxéron**lla**.
- Quero a ti os cartos porque tes abondo. Quéro**chos** porque tes abondo.
- Trouxo un agasallo para nós. Tróuxo**nolo**.
- Quíxo**o**.
- Pola túa carta sabémo**lo**.
- Mañá lembraréi**llelo**.

3 c) Volve escribir as frases seguintes colocando o pronome correspondente conforme se indica nas parénteses.

- Sae da casa en canto **te** chamen.
- Nunca **me** puxeron unha multa.
- Non **o** comerei agora.
- ¿Onde **a** atopaches?
- Ninguén **che** dixo a verdade.
- Xa **mo** contara.

4 a) Analiza as seguintes frases nominais:

- Aquela casa vella.
- Certos comentarios da xente.
- Unha folla en branco.
- Catro mazás pequenas.

Todas seguen o esquema: DET – NUC – MOD

	fn	
DET	NUC	MOD
demostr.	subst.	adx.
Aquela	*casa*	*Vella*







4 b) Propón frases nominais que respondan aos seguintes esquemas:

Como exemplo:

Det. + Det. + Núcleo + Mod. = *A miña casa da praia*
Det. + Núcleo + Mod. = *O vehículo somerxible*
Det. + Det. + Núcleo + Mod. =
Det. + Det. + Núcleo = *A primeira vez*

5 a) Substitúe os adxectivos destacados en groso por unha frase preposicional:

- Ese neno sen calzado vai coller frío.
- Merquei unha tea de flores para facer as cortinas.
- O cuarto estaba ás escuras/sen luz.
- Visitamos unha granxa de aves.

5 b) Analiza as frases nominais con función de suxeito das seguintes oracións:







6 a) Detecta o SUX e o PRED nos seguintes exemplos deixando a un lado os restantes complementos. Sinala entre parénteses o elemento nuclear do SUX. Podes seguir o esquema que se presenta no cadro.

Suxeito	Predicado	Complementos
A (maioría) da poboación	*coñece*	*o galego*
Os primeiros (berros)	*viñan*	*da banda do camiño*
Os (rapaces da vila)	*esquecen*	*[non] … o san Xoán*
Moita (xente)	*marchou*	*naqueles anos*
Miguel	*falou*	*de moitas cousas*
Os meus (curmáns)	*chegaron*	*de Madrid*
A (casa) de pedra	*tiña*	*a porta pechada*
Nós [omitido]	*recibimos*	*un aviso de Correos*
Mariña	*saíu*	*cedo da súa casa*
Toda aquela (xente)	*miraba*	*un punto no horizonte*
O (enfermo)	*experimentou*	*Aquela noite … certa melloría*

6 b) Sinala a función que cumpren os complementos que reservaches no exercicio anterior

o galego (CD)
da banda do camiño (CC L)
non (CC Neg.) … o san Xoán (CD)
naqueles anos (CC T)
de moitas cousas (SUPL)
de Madrid (CC L)
a porta (CD) pechada (PVO)
un aviso de Correos (CD)
cedo (CC T) da súa casa (CC L)
un punto (CD) no horizonte (CC L)
Aquela noite (CC T) … certa melloría (CD)

7. Nos seguintes exemplos non aparece o suxeito. Clasifícaas segundo sexa omitido, unipersoal, gramaticalizada ou impersoal activa:

- Recollede todas estas ferramentas. (Suxeito omitido **vós**)
- Estes días refresca polas tardes. (Unipersoal)
- Escribiremos unha carta ó director do xornal. (Suxeito omitido **nós**)
- Recóllese roupa vella. (Impersoal activa)
- Revélanse fotos en media hora.(Impersoal activa)
- En febreiro xea polas noites.(Unipersoal)
- Habería que tomar unha decisión.(Gramaticalizada)
- Vou facer o xantar. (Suxeito omitido **eu**)

8. Substitúe as frases preposicionais que fan de atributo por un adxectivo que teña significado semellante.

- Xulia é **pontevedresa**.
- O neno estaba **despeiteado**.
- Este can é **cazador**.
- Aquela muller era **ferrolá**.
- A cantante estaba **rouca**.
- O home estaba **espido**.
- A mañá era **invernal**.
- Este artigo parece **interesante**.
- A nena estaba **febril**.
- A caixa era **metálica**.

9 a) Nas oracións seguintes localiza e subliña os Complementos Circunstanciais e indica de que clase son:

- Este coche consome <u>demasiado</u> (C.C. Cantidade).
- <u>No paseo marítimo</u> (C.C. Lugar) instalaron farois novos.
- <u>Todas as tardes</u> (C.C. Tempo) imos dar un paseo <u>pola carballeira da vila</u> (C.C. Lugar).
- Fai o traballo <u>ordenadamente</u> (C.C. Modo).
- Beber moita auga é bo <u>para a saúde</u> (C.C. Finalidade).
- <u>Moitas tardes</u> (C.C. Tempo) os dous amigos tomaban o sol <u>placidamente</u> (C.C. Modo) <u>nos bancos do parque</u> (C.C. Lugar).

9 b) Completa o significado das frases seguintes engadindo os Complementos Circunstanciais da clase que se che indica:

Helena traballa (CC de tempo) polas mañás.
Helena traballa (CC de lugar) nas aforas da cidade.
Helena trabala (CC de cantidade) demasiado.
Helena traballa (CC de modo) ás présas.
Helena traballa (CC de finalidade) para o seu desenvolvemento persoal.

10. Nos seguintes exemplos, indica o tipo de frases (substantivas, adxectivas, adverbiais, preposicionais ou nominais) de que se tratan e se estas son simples ou compostas.

Moto acuática: frase substantiva simple
Núcleo histórico moi frecuentemente frecuentado: frase substantiva composta
Moi honradamente: frase adverbial simple
O camión do lixo do concello máis próximo: frase nominal composta
Impresionantemente admirable: frase adxectiva
De paseo pola beira do río: frase preposicional composta
Clase de matemáticas: frase substantiva composta
Produtos de cerámica da máis alta calidade: frase substantiva composta

11. Indica a función que desenvolven os principais elementos que compoñen cada unha das cláusulas anteriores.

Estes libros (SUX) son (PRED) de lingua e literatura (ATRIB): cláusula simple
O noso amigo (SUX) non (CC Neg) coñece (PRED) a nosa casa (CD): cláusula simple
Estes vehículos (SUX) teñen (PRED) un baixo nivel de contaminación atmosférica (CD): cláusula simple
Os directivos da empresa (SUX) celebraron (PRED) unha festa de despedida (CD) para os empregados que se xubilaban (CI): cláusula subordinada adxectiva
Os directivos da empresa (SUX) celebraron (PRED) unha festa (CD) para os mellores empregados (CI): cláusula simple
Chegarán (PRED) os nosos curmáns de Valencia (SUX): cláusula simple
Sairemos (PRED) de viaxe o próximo martes (CC T): cláusula simple
Non (CC Neg) sabe (PRED) máis que falar de política (CD): cláusula subordinada substantiva
Os escaladores (SUX) chegaron (PRED) esgotados (PVO) ao cumio (CC L): cláusula simple
Sabe (PRED) que gañará a competición (CD): cláusula subordinada substantiva
Que o vexas mollado (SUX) é (PRED) unha consecuencia das filtracións (CD): cláusula subordinada substantiva
Non (CC Neg) o (CD) atopou (PRED) onde quedara (CC L): cláusula subordinada adverbial

12. Propón 5 exemplos de verbos que esixan un suplemento para completar a súa significación.

Resposta libre